

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de outubro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día trinta e un de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal , Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1208).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e dúas extraordinarias e urxentes do 18 de outubro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1209).- DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 173/2013 P.A. Demandante: D^a IOLANDA ALONSO REGUEIRO. Obxecto:

Resolución do 12 de xuño de 2013, permiso de paternidade. Estimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 338/2012 P.O. Demandante: "CASTRO GALICIA S.A." Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Admtvo do Concello de Vigo do 16.7.2012. Expte.: 1577/550. Estimado parcialmente o recurso.

c) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 90/2013 P.A. Demandante: D^a GUADALUPE PRIETO TELLADO E OUTRAS 2 PERSOAS. Obxecto: Desestimación presunta (e serodia do 7-10-2011) reclamación patrimonial, expte.: 2709/243. Inadmisión por extemporaneidade do recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 104/2013 P.O. Demandante: "SETEX APARKI S.A." Obxecto: XGL 8.3.2013, Recurso de lesividade sobre acordos da XGL do 23.3.2009, 14.6.2010 e 8.11.2010, sobre revisión de prezos (2^a,3^a e 4^a) do contrato de retirada de vehículos da vía pública. Desestimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 391/2012. Demandante: EULEN S.A. Obxecto : Recurso especial de contratación, Servizo de información, tfno. 010. Desestimada a demanda.

f) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 200/2013 P.A. Demandante: AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS AXA. Obxecto: Desestimación presunta reclamación de danos. Rematado o procedemento.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 66/2013 P.O. Demandante: D. JUAN CARLOS DOVIGO PRIETO E OUTROS. Obxecto: XGL 1.10.2012, Recurso especial contratación, contrato servizo Intervención familiar (Expte.: 59058/301). Desestimado o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 199/2013 P.A. Demandante: D. CRISTIAN FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución 9.5.2013, sanción de tráfico. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(1210).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2013. EXPTE. 5238/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.10.13, o informe de fiscalización do 23.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do

Servizo de Festas, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e promoción cultural, o concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos e pola concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a organización da “Festa do Magosto 2013”.

2º.- Autorizar un gasto por importe de 7.470,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas – Magosto) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2013.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2013.

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil trece.

REUNIDOS

Dunha parte, don Carlos López Font, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013, acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013 e resolución de Alcaldía de 30 de xullo de 2013.

Doutra, don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 5238/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Magosto”, na ribeira do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Cultura, Festas e Museos, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III. Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.470,00 (sete mil catrocentos setenta) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Magosto 2013 na ribeira do Berbés o 9 de novembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5238/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas "El Olivo" comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Magosto, que terá lugar na ribeira do Berbés, e concretamente a:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente e que foi confeccionado pola comisión organizadora.

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DO MAGOSTO", achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa (compra das castañas e viño, etc.).

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

9º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

10º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas no programa.

11º.- Deixar a zona da Ribeira do Berbés que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza.

12º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

13º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

14º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da LG 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 7.470,00 (sete mil catrocentos setenta) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5020.01.3040023621, da entidade bancaria NCB BANCO, S.A., da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da LG 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, dentro do exercicio económico e antes do cinco de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprán os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

Décimo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da LG 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

- *2 persoas designadas pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo".*
- *En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións: 1 técnico do Servizo de Festas.*

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2013 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da LG 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na LG 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade do Servizo de Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data antes indicados.

4(1211).- PROPOSTA DE AOTURIZACIÓN Á CONCELLERÍA DE IGUALDADE E AO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER PARA ORGANIZAR O EVENTO "ENLAZAVIGO 2013" DO 21 AO 27 DE NOVEMBRO. EXPTE. 6065/224.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 25.10.13, conformado pola concelleira de dito Servizo, que di o seguinte:

Co gallo do vindeiro 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, á concellería de Igualdade xunto co Consello Municipal da Muller (presidido pola concelleira de Igualdade) decidiron este ano volver a pór en marcha a iniciativa Enlaza Vigo, para reflectir o compromiso real do conxunto da cidadanía no combate do terrorismo machista.

Case 2.000 alumnos e alumnas dun total de 40 centros de ensino secundario de Vigo e unha ampla representación da cidadanía participaron na iniciativa Enlaza Vigo-Reacción Cidadá contra a Violencia de Xénero no ano 2012.

Nesta edición de 2013, [Enlaza Vigo](#) volverá a desenvolver as seguintes accións:

I. Creación dun tapiz humano na rúa Colón e Urzaíz (luns, 25 de novembro pola mañá).

Ésta é a actividade central do evento ENLAZA VIGO, á que se convocará a participar a toda a cidadanía viguesa así como aos centros de ensino secundario da cidade.

Haberá dinamización de actividades de rúa entre as 10:30 e as 13:00 horas do luns 25 de novembro no tramo comprendido entre Urzaíz-República Arxentina e Colón-Uruguai.

As actividades previstas son as seguintes:

- *Sonorización aérea do espazo de actividades. 23 de novembro.*
- *Descarga de vallas para acote de espazo de actividade. 22 de novembro pola tarde*
- *Descarga de material para a montaxe do escenario da actividade. 25 de novembro a partir das 8:00 h.*
- *Chegada do alumnado dos centros de ensino. 25 de novembro entre as 10:30 e 11:40 h*
- *Realización de actividades de rúa: performance, actividades musicais, actividades artísticas, etc. 25 de novembro entre as 10:30 e 12:00 h*
- *Realización dun tapiz humano con 2500-3500 persoas. 25 novembro, entre as 12:00-12:20 h.*
- *Lectura do manifesto central no escenario. 25 novembro, entre 12:00-12:20 h.*
- *Marcha do alumnado para os respectivos centros de ensino. 25 novembro, entre 12:30-13:00 h.*
- *Recollida das vallas e do material de escenario. 25 novembro, entre as 13.00 e 18:00 h.*

II. Realización dunha exposición colectiva sobre paneis (50 m lineais) colocados a ambos lados das escaleiras do Museo MARCO. *Durante a semana do 21 ao 27 de novembro estarán expostas as obras realizadas polos centros de ensino e demais colectivos da cidade.*

A exposición complementarase cunha carpa de 4x4 m que durante a semana do 18 ao 25 de novembro, informará á cidadanía sobre o que é a violencia de xénero, como prevenila e os recursos sociais que hai en Vigo, así como información da actividade central de ENLAZA VIGO .

Para a realización das dúas actividades descritas, é necesario xestionar os seguintes trámites:

- *Autorización para uso de espazo público dianteiro do Museo Marco entre os días 21 e 27 de novembro, coa colocación de soportes de exposición lineais, dunha carpa 4x4m e de elementos de comunicación.*
- *Autorización para carga e descarga de material os días 21 e 27 de novembro, no entorno do Museo MARCO.*
- *Conexión de luz para a carpa situado o punto de enganche no inicio do edificio do Museo Marco entrando por rúa Príncipe.*
- *Autorización para uso do espazo comprendido entre Urzaiz-República Argentina e Colón-Uruguai o luns 25 de novembro, co corte de circulación entre horario 10:30 – 13:00 horas.*
- *Autorización para carga e descarga de material os días 22 e 25 de novembro.*
- *Autorización para a sonorización aérea do espazo citado.*
- *Conexión de luz para o escenario situado o punto de enganche no entorno da farola de Urzaiz.*
- *Autorización para o aparcamento de autobuses para descarga e carga de escolares nos entornos do espazo citado o luns 25 de novembro.*
- *Dotación de servizo de policía local e de asistencia sanitaria*

Unha vez autorizado o evento ENLAZA VIGO 2013 pola Xunta de Goberno Local, solicitaranse os permisos necesarios na oficina de Seguridade, Mobilidade e Transporte.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar á Concellería de Igualdade e mailo Consello Municipal da Muller a organizar o evento ENLAZAVIGO 2013, durante a semana do 21 ao 27 de novembro, co gallo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1212).- DAR CONTA DAS “NORMAS PARA O PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO DO ANO 2013”. EXPTE. 102242/140.

Dáse conta das Normas para o peche do exercicio orzamentario do ano 2013 asinadas polo interventor xeral con data 15.10.13, co seguinte contido:

OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2013

A regulación das operacións de peche do exercicio de 2013 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario dictar as oportunas instrucións.

Para conseguir os obxectivos, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor anualmente unhas instrucións que sirven ás distintas unidades-servizos xestoras como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereito e recadación dos memos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal

xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e o gastos, estense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Por outra banda, o non recoñecemento da obriga por parte do Concello ou os seus Organismos Autónomos Administrativos, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Comunidade (SEC-95), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-95.

En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos dous obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2013, sen excepción algunha.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2013, antes de escomenzar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Economía e Facenda, dará a coñocer a Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir e cumprir os prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

Tramitación de expedientes de contratos menores

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 27 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade Contabilidade. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes contratos se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados nas devanditas datas.

Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada en Contabilidade o día 30 de decembro. As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de perfeccionamento nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión á Unidade de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Si non se remitise físicamente, alomenos haberá que facelo telemáticamente, e posterior entrega física do expediente ou expedientes en cuestión.

Libramentos a xustificar

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 27 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrucción de servizo 01/2006. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite 30 de decembro, ou hábil anterior, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das mesmas a Acta de Arqueo de final de ano, calesqueira que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación.

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención deberán rendirse dentro do ano, para poder ingresalos na Axencia Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún redimento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade ante de remata-lo ano.

*Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acree-
dor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son respon-
sables, pero os fondos están ingresados en outra, ou (saldo deudor cando debería ser Cero),
neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.*

*Para conocer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberáse ter e
conta as instrucións remitidas a todo-los habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.*

Facturas

*Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución or-
zamentaria "O" ou "ADO", recibiranse para a súa imputación a presuposto corrente ata o día 30
de decembro. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Conta-
bilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos, con independencia das datas
nas que opere o Rexistro Xeral. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan
e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acredita-
tiva da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Presuposto
(Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.*

*As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ade-
mais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (in-
cluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive), tendo
en conta ademais, que o día 28, 29 e 31 de decembro son inhábiles nesta Administración. Coa
excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado,
non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2013.*

*Para os contratos de tracto sucesivo, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igual-
mente dentro do ano 2013, as diferenzas ou disconformidade con algún dos conceptos contidos
na mesma, serán obxecto de regularización na factua de xaneiro do ano 2014.*

*Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artella-los pro-
cesos para tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servi-
cios, suministros ou obras dentro do vixente ano e ata o 30 de decembro.*

*Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houberse in-
currido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2013, sen excepción al-
gunha.*

Xustificantes de subvencións

*As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas den-
tro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día 20 de de-
cembro, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calqueira defecto na documentación reci-
bida, ben porque os documentos xustificativos non son adecuados ou suficientes, ou por algún in-
cumprimento das Bases e convocatoria das subvencións. Os responsables das unidades e servi-
zos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta
os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da do
beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustifica-
ción das subvencións.*

En todo caso, se a xustificación está prevista no ano, como é o caso de todas as tramitadas, deberán achegarse os xustificantes, en caso contrario, perderán o dereito a mesma.

Indemnizacións substitutivas e recoñecemento extraxudicial de créditos

A tramitación dos expedientes que conteñan procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites e recoñecemento extraxudicial de créditos por obrigas nacidas fora do presuposto, recibiranse en estas dependencias administrativas para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" ata o día 23 de decembro, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-posibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademais, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse á unidade de Contabilidade o expediente, antes do 30 de decembro para a contabilización da Fase ADO, xa que ésta é a data límite para efectuar este tipo de operacións.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán os procedementos habituais regulados na Bases 28ª das de Execución do Orzamento e a Instrucción 1/2000, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte.

Neste caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2013 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia a Intervención Xeral, aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto.

Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, remitiranse a unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 30 de decembro. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados a unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2014. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

Aqueles expedientes, que se pretendan tramitar e contabilizar dentro do ano 2013, deberán ser remitidos para súa fiscalización previa a aprobación do mesmo pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Fachenda antes do 27 de decembro.

Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houbesen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse á unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 30 de decembro.

Os expedientes que se tramiten para a súa fiscalización e aprobación, e que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2013, deberán ser remitidos, con data límite 27 de decembro, sempre e cando, a unidade xestora do expediente, remita o expediente para a súa contabilización antes do día 30 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados á unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de 30 de decembro, remitiranse para a súa contabilización con data 2014. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que

se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

O servizo de recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que se se rexistran baixas en GTWIN correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 30 de decembro, producirase unha falta de conciliación entre SICAP e GTWIN, que xerará unha tarefa en GTWIN de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.

Anulación de créditos

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estén afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiación con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2013, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2014 se non se executaron no transcurso do ano 2013.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2013, teñen que alomenos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2014.

Os créditos dispoñibles ou que estén en fase de retención de crédito que teñan financiación con cargo ao préstamo concertado no ano 2013, en aplicación do previsto na Base 48ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes ao orzamento do ano 2014.

En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2014. En consecuencia, os servizos xestores, velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2013.

Pagamentos

Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 216 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días seguintes a súa recepción. De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a disconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegada/a a súa devolución, efectuando as operacións pertinentes no módulo de expediente aos efectos de rexistrar a anulación.

Pola Tesourería, articularanse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.

Ingresos pendentes de aplicación

En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, está a ter efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Aforro Neto, Endebedamento e ratio de recadación orzamentario. Como se pode comprobar, dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería, o de facer a aplicación de toda a recadación aos conceptos orzamentarios do

orçamento corrente ou pechados segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade.

Dese conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade. No entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario serán incorporadas a intranet para xeral coñecemento do todos os interesados.

A concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, con data 15.10.13, resolve de conformidade coas precedentes normas.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(1213).- ENAXENACIÓN PARA CHATARRA DE VEHÍCULO MUNICIPAL. EXPTE. 10017/445.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 18.10.13, conformado polo concelleiro delegado de Fomento e Novas tecnoloxías, que di o seguinte:

O vehículo municipal matrícula PO-5731-AH que presta os seus servizos no departamento de Protección Civil, por unha parte atópase amplamente amortizado e por outra parte a súa antigüidade (23 anos) e polo seu estado de deterioro tanto da carrocería como de mecánica aconsellan dalo de baixa como achatarramento no Patrimonio Municipal.

En consecuencia proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a enaxenación para chatarra do vehículo municipal matrícula PO-5731-AH”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a enaxenación para chatarra do vehículo municipal matrícula PO-5731-AH.

7(1214).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 76.402,64 € A FAVOR DE “PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS” POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASEGURAMENTO DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 10012/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.10.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo do Parque Móbil, do 8.10.13, conformado polo xefe de Área e o concelleiro delegado de Fomento e Novas tecnoloxías, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á Nota de Cargo nº 2013/035152 de data 3 de outubro de 2013, presentada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo pola Correduría de Seguros B.V.C. Artai S.A. con data 1 de outubro, correspondente á prestación por Plus Ultra Seguros Generales y Vida S.A de Seguros y Reaseguros durante o terceiro trimestre de 2013.

SEGUNDO.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Plus Ultra Seguros Generales y Vida S.A de Seguros y Reaseguros”, polo importe de 76.402,64 euros para a prestación antes indicada que figura na referida Nota de Cargo.

TERCEIRO.- Recoñecer a obriga económica a favor da referida Aseguradora e polo indicado importe, con cargo á aplicación orzamentaria 9222.224.00.00 “Seguro de vehículos” do vixente orzamento municipal. O importe deberá facerse efectivo na conta ao efecto da Correduría B.V.C. Artai, S.A., tal e como figura na Nota de Cargo para o seu abono á Aseguradora.

8(1215).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVICIO DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013. EXPTE. 39265/212.

Mediante escrito de data 24.10.13, en cumprimento co disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade dá conta á Xunta de Goberno lcoal da relación de contratos menores realizados pola Policía Local durante o terceiro trimestre do ano 2013 (xullo, agosto e setembro), que son o seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
37947-212	1320.2200200	SUM	Software reconstrucción accidentes tráfico	Consultores y reconstrucción accidentes, S.L.	31/05/13	02/07/13	375,10€
38642-212	1320.2130000	SER	Reparación mantemento material diverso	-	02/08/13	08/08/13	2.500,00€
38292-212	1320.2190000	SER	Reparación mantemento emisoras portátiles	-	01/08/13	08/08/13	1.500,00€
38641-212	1320.2140000	SER	Reparación mantemento medios locomoción	-	01/08/13	08/08/13	2.000,00€
38824-212	1320.2120000	SER	Reparación mantemento outras construcións	-	29/98/13	10/09/13	2.000,00€

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(1216).- EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 75/2013 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4, DOS DE VIGO, NOS AUTOS 943/2008, EN MATERIA DE CANTIDADES (JOSÉ A. MUIÑOS ACUÑA). EXPTE. 24475/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.10.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 26.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 1 de abril de 2009, o Xulgado do Social Nº 4 dos de Vigo, dictou sentenza no procedemento 943/2008, interposto por D. José A. Muiños Acuña en materia de cantidades, na que se fallaba literalmente:

“Que estimando parcialmente la demanda interpuesta por D. José A. Muiños Acuña, debo condenar y condeno al Concello de Vigo, a que se le abone al referido actor la cantidad de 5.425,04 euros, así como un interés por mora del 10%.”

2.- Dita sentenza foi recurrida polo demandante en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla con data 9 de novembro de 2012 (recurso de suplicación 2922/2009):

“Desestimando el recurso de suplicación articulado por José Antonio Muiños Acuña, frente a la sentencia del Juzgado de lo Social nº 4 de Vigo, con fecha 1/4/2009, en autos nº 943/08, sobre salarios, instados por aquel frente al Concello de Vigo, confirmamos la resolución de instancia”.

3.- Polo Xulgado do Social nº 4 de Vigo díctase auto e decreto polo que se instaba a execución 75/2013 de dita sentenza, no procedemento nº 943/08.

4.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo das cantidades a percibir polas interesadas, correspondentes a diferenza salariais nos períodos indicados no fallo de dita sentenza.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 24 de enero de 2013, recaída no recurso de suplicación nº 2922/2009.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 5.967,54 € (5.425,04 € de principal máis 542,5 € de intereses) con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e da parte correspondente a seguridade social por importe de 4.950,66 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

		SS EMPRE- SA	SS.TRABALLADOR	IRPF
Agosto-dецembro 07		32,10	6,40	15,00%
Muiños Acuña, Jose Antonio				
Principal	5.425,04	1.741,44	347,20	813,76

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Tomar razón das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación 2922/2009 que declara a firmeza da do Xulgado do Social Nº 4, no procedemento 943/2008, e proceder ao cumprimento da execución 75/2013, nos autos seguidos a instancia de D. José Antonio Muiños Acuña (DNI 36074146-A) de recoñecemento de diferencias salarias do período comprendido entre 01/08 a 31/12/2007, por importe de 5.425,04 € de principal máis 542,50 € de intereses

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (347,20 €) e IRPF (813,76 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3629 0000 64 007513. (4.806,58€ -4.264,08 € máis 542,5 € de intereses-)

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 01/08 a 31/12/2007.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Prom. Económica, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1217).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO, SEN SER OFICIAL, DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24502/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 23.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Vías e Obras, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Protección Civil, Limpeza, Educación, Mobilidade, Seguridade e Transporte, Cultura, Electromecánicos, Patrimonio Histórico, Extinción de Incendios e Fomento, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 6.769,98 € correspondentes ó 3º trimestre de 2013 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

11(1218).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A EMPREGADOS MUNICIPAIS POLA LIMPEZA DE FONTES ORNAMENTAIS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24530/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos

Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes públicas ornamentais*, D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 3º trimestres do ano 2013.

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	351.05
79136	Francisco J Bea Puentes	280.84

SEGUNDO.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 631,89€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, polo período correspondente ao 3º trimestre do ano 2013.

12(1219).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2013. EXPTE. 24501/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 9.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Setembro-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

13(1220).- ALEGACIÓN AO EXPEDIENTE 23463/220, FORMULADA POR D. CELSO PEITIEIROS RODRÍGUEZ. EXPTE. 24368/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.10.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 19/08/2013 (documento nº 130096370) D.Celso Peitieiros Rodríguez, con DNI 35.999.872-L, presenta reclamación perante o Tribunal Económico-Administrativo (TEAC) do Concello de Vigo contra "o acordo da Xunta de Goberno Local de 21/12/2012 e de Resolución da Tesourería do Concello de Vigo de 01.02.2013".

2.- O reclamante, que foi funcionario do Corpo de Bombeiros, solicitara a xubilación anticipada con efectos de data 24/10/2012, tramitada en expediente administrativo nº 23.463/220 e declarada por Resolución do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 10/10/2012. No marco da tramitación administrativa do expediente, fora emitido informe de fiscalización de data 04/10/2012, no cal se procedía á devolución do expediente administrativo ao Servizo de Recursos Humanos, a efectos de que se procedese á convocatoria da Comisión Paritaria de Segemento e Interpretación do Acordo Regulador, que debería estudar e avaliar o réxime e procedencia dos incentivos á xubilación anticipada.

3.- Debido á constatación dun erro na certificación expedida por Secretaría Xeral -derivada dunha incorrecta anexión dos arquivos informáticos na aplicación informática de xestión de expedientes- deuse conta á Xunta de Goberno Local celebrada o 26/10/2012 dunha resolución errónea -no marco da cal se acordaba o outorgamento do incentivo económico á xubilación anticipada previsto no Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo- procedéndose en consecuencia por este Servizo de Recursos Humanos, unha vez constatado o erro, á comunicación dos mesmos a Secretaría Xeral, propoñendo a rectificación dos mesmos en informe-proposta de data 10/12/2012.

Á vista das circunstancias, procedeuse pola Xunta de Goberno Local a rectificar os erros padecidos no seu propio acordo erróneo -dado que a competencia para a declaración da xubilación do persoal municipal a ten delegada no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal- e deixando sen efecto o acordo adoptado en data 26/11/2012.

No citado acordo, e dado que tamén se constatará que, debido ao erro padecido na certificación do acordo, os Servizos Económicos aboaran un incentivo á xubilación anticipada, dispúxose o inicio dun expediente de reintegro das cantidades indebidamente aboadas, sen prexuízo da decisión que finalmente se adoptase ao respecto pola Comisión Paritaria de Segemento e Interpretación do Acordo Regulador.

4.- A reclamación presentada perante o Tribunal Económico-Administrativo polo Sr. Peitieiros González foi remitida ao citado órgano colexiado, que en data 27/08/2013 emitiu informe no cal literalmente se sinala que:

"Solicítase informe sobor da alegación presentada, dirixida polo interesado ó Tribunal Económico Administrativo.

A vía económico-administrativa en relación ós actos da Administración Local foi reintroducida no noso ordenamento para os "municipios de gran poboación" pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do Goberno Local, que engade un Título X á Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, cuxo artigo 137 queda redactado dende a súa entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2004, do seguinte xeito:

" Artículo 137.Órgano para la resolución de las reclamaciones económico-administrativas.

1. Existirá un órgano especializado en las siguientes funciones:

- a) El conocimiento y resolución de las reclamaciones sobre actos de gestión, liquidación, recaudación e inspección de tributos e ingresos de derecho público, que sean de competencia municipal.
 - b) El dictamen sobre los proyectos de ordenanzas fiscales.
 - c) En el caso de ser requerido por los órganos municipales competentes en materia tributaria, la elaboración de estudios y propuestas en esta materia.
2. La resolución que se dicte pone fin a la vía administrativa y contra ella sólo cabrá la interposición del recurso contencioso-administrativo.
3. No obstante, los interesados podrán, con carácter potestativo, presentar previamente contra los actos previstos en el apartado 1 a) el recurso de reposición regulado en el artículo 14 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales. Contra la resolución, en su caso, del citado recurso de reposición, podrá interponerse reclamación económico-administrativa ante el órgano previsto en el presente artículo.(...)
5. Su funcionamiento se basará en criterios de independencia técnica, celeridad y gratuidad. Su composición, competencias, organización y funcionamiento, así como el procedimiento de las reclamaciones se regulará por Reglamento aprobado por el Pleno, de acuerdo en todo caso con lo establecido en la Ley General Tributaria y en la normativa estatal reguladora de las reclamaciones económico-administrativas, sin perjuicio de las adaptaciones necesarias en consideración al ámbito de actuación y funcionamiento del órgano.
6. La reclamación regulada en el presente artículo se entiende sin perjuicio de los supuestos en los que la Ley prevé la reclamación económico-administrativa ante los Tribunales Económico-Administrativos del Estado."

O artigo 2 do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 14 de xuño de 2004 (BOP nº 113 de 15 de xuño) establece, de conformidade co artigo 137 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003 e co artigo 227 da Lei 58/2003, que "Corresponde ó Tribunal Económico-Administrativo:

- a) O coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal.
A competencia en relación con ingresos de dereito público de natureza non tributaria límitase ós actos dictados na vía executiva. Quedan excluídos polo tanto da súa competencia os actos dictados na fase de xestión previos a dita vía.
 - b) O dictame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais. Este dictame deberá ser solicitado preceptivamente con carácter previo á aprobación inicial das mesmas e deberá evacuarse no prazo de dez días.
 - c) No caso de ser requirido polos órganos municipais competentes en materia tributaria, a elaboración de estudos e propostas nesta materia.
- A tales efectos poderán solicitar informe un tercio dos membros do Pleno, o Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o Concelleiro competente en materia de Facenda do Concello de Vigo. Así mesmo poderán solicitar informe os Voceiros dos distintos grupos políticos municipais."

Por conseguinte, debemos efectuar tres matizacións:

- a) O Tribunal é incompetente *ratione materiae*
- b) O artigo 110,2 da Lei 30/1992 establece que "El error en la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter."
- c) A competencia para solicitar informes ó Tribunal ven establecida polo artigo 2 in fine do ROTEACV, o que deberá ser tido en conta en futuras solicitudes".

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O recurso presentado perante o TEACV non reúne os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixe o artigo 2 do Regulamento rector do citado órgano, segundo

consta no informe de 27/08/2013 reproducido no antecedente 4 do presente informe, ao tratarse de un órgano incompetente por razón da materia.

Sen prexuízo do anterior, certo é que o artigo 110, apartado 2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, establece que “el error en la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter.”

En consecuencia, cómpre admitilo a trámite e proceder á súa resolución.

II.- En canto ao obxecto da reclamación, e pola parte que toca aos feitos acaecidos, efectúase unha remisión expresa aos antecedentes do presente informe, debendo sinalar que os incentivos á xubilación anticipada previstos no artigo 33 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo -aprobado polo Pleno do Concello en data 28/12/1998- axustábanse a unha situación na cal o marco legal vixente non preveía a posibilidade de xubilación dos efectivos do Corpo de Bombeiros aos 60 anos sen merma de dereitos consolidados, como sucede actualmente (vid. a tal efecto Real Decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos; Leis de Orzamentos Xerais do Estado no período 2008-2013).

No marco da evolución do contexto socioeconómico experimentado dende entón, así como das medidas que en relación ao contexto legal de excepcionalidade foron adoptadas no ano 2012 polo lexislador estatal, resulta á data de hoxe que o Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade (BOE do 14/07/2012) contempla a imposibilidade de realización de aportacións a plans de pensións ou seguros colectivos que cubran a continxencia de xubilación; interdicción que segue vixente segundo prevé a Lei 17/2012, do 17 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013; interpretación á cal debe engadirse o previsto na Disposición Adicional Única do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que con carácter xeral establecía a imposibilidade de abono de incentivos económicos por tal concepto.

Nembargantes, debe lembrarse que o artigo 33 do Acordo Regulador indicado segue a estar vixente á data actual, sen que conste que teña sido impugnado en vía administrativa e/ou xudicial, conservando en consecuencia a presunción de legalidade que a Lei lle outorga como acto administrativo e como norma de rango regulamentario (artigo 57 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, existindo, dentro do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais para o ano 2013 -igualmente existente en todos os anteriores exercicios- dotación orzamentaria específica ao efecto (aplicación orzamentaria 221.0.161.04.00 –“Reserva para xubilación anticipada”, cunha dotación inicial de 17.000 euros).

A mesma normativa de excepcionalidade indicada contempla a suspensión de aplicación das previsións de pactos, acordos ou convenios que contradigan o disposto na propia lei (artigo 16); previsión legal que pola súa inconcreción e alcance foi obxecto de numerosas interpretacións ao respecto, entre elas –e que se toma como referencia, en atención á solvencia xurídica do órgano de procedencia- a contida na Circular Laboral 2/2012, da Avogacía Xeral do Estado (Ministerio de Xustiza) en colaboración coa Dirección Xeral de Función Pública, que recolle que a suspensión sólo poderá ser utilizada polos órganos de goberno das Administracións Públicas, nos termos do contemplado no artigo 38.10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público –norma da cal se lembra ten sido dictada ao abeiro dos títulos competenciais habilitantes recollidos no artigo 149.1, apartados 7ª, 13ª e 18ª da vixente Constitución de 1978, conti-

tuindo, por tanto norma básica de preferente e prioritaria aplicación ao persoal funcionario e laboral ao servizo da totalidade das Administracións Públicas territoriais naqueles aspectos que teñan a condición de tales-.

Dito artigo 38.10 establece literalmente que:

“Garantízase o cumprimento dos Pactos e Acordos, salvo cando excepcionalmente e por causa grave de interese público derivada dunha alteración sustancial das circunstancias económicas, os órganos de goberno das Administracións Públicas suspendan ou modifiquen o cumprimento de Pactos e Acuerdos xa firmados, na medida estritamente necesaria para salvagardar o interese público.

Neste suposto, as Administracións Públicas deberán informar ás Organizacións Sindicais das causas da suspensión ou modificación.”

Non consta que no Concello de Vigo se teñan adoptado acordos, por parte dos órganos legalmente lexitimados para a negociación colectiva no ámbito das Administracións Públicas, a este respecto (suspensión da aplicación de pactos, acordos e convenios derivada do interese xeral) exceptuando a regulación provisional dos criterios de aplicación da prestación económica a percibir polo persoal municipal nos supostos de incapacidade temporal (IT).

En consecuencia, e en atención a todo o exposto, cabería concluir a existencia dunha dúbida xurídica razoable con respecto ao réxime legal dos incentivos á xubilación anticipada previstos no artigo 33 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo; dúbida que, no marco do procedemento administrativo no cal se procedeu ao trámite da solicitude do reclamante de data 20/09/2012, tamén se plasmou no informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en data 04/10/2012 (expediente administrativo nº 23.463/220) a través do cal se devolve o expediente para que se estudie a situación deste tipo de incentivos, se convoque se procede á Comisión de Segumento e Interpretación do Acordo Regulador, e se regulen este tipo de situacións, coa finalidade de homoxeneizar o tratamento para a totalidade dos efectivos municipais.

Trasladada a situación á Comisión de Segumento e Interpretación do Acordo Regulador en oficio de data 18/10/2013, e celebrada sesión da mesma en data 06/11/2012 acordando a solicitude de informes segundo copia da acta que se achega, non consta á data de hoxe a adopción de acordo expreso ao efecto.

Por tanto, enténdese que non resultou posible a tramitación do citado incentivo económico, ao non ter sido efectuada a preceptiva e previa fiscalización do gasto segundo esixen os artigos 213 a 223 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e estar a cuestión pendente de determinación e interpretación polo órgano municipal competente ao efecto (Comisión de Segumento e Interpretación do Acordo Regulador).

III.- O artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Admnsitracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, en redacción dada por Lei 25/2009, do 22 de decembro, contempla en relación ao silencio administrativo nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, que:

“1. En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, sin perjuicio de la resolución que la Administración debe dictar en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa legitima al interesado o interesados que hubieran deducido la solicitud para entenderla estimada por silencio administrativo, excepto en los supuestos en los que una

norma con rango de ley por razones imperiosas de interés general o una norma de Derecho comunitario establezcan lo contrario.

Asimismo, el silencio tendrá efecto desestimatorio en los procedimientos relativos al ejercicio del derecho de petición, a que se refiere el artículo 29 de la Constitución, aquellos cuya estimación tuviera como consecuencia que se transfirieran al solicitante o a terceros facultades relativas al dominio público o al servicio público, así como los procedimientos de impugnación de actos y disposiciones. No obstante, cuando el recurso de alzada se haya interpuesto contra la desestimación por silencio administrativo de una solicitud por el transcurso del plazo, se entenderá estimado el mismo si, llegado el plazo de resolución, el órgano administrativo competente no dictase resolución expresa sobre el mismo.

2. La estimación por silencio administrativo tiene a todos los efectos la consideración de acto administrativo finalizador del procedimiento. La desestimación por silencio administrativo tiene los solos efectos de permitir a los interesados la interposición del recurso administrativo o contencioso-administrativo que resulte procedente.

3. La obligación de dictar resolución expresa a que se refiere el apartado primero del artículo 42 se sujetará al siguiente régimen:

a) En los casos de estimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior a la producción del acto sólo podrá dictarse de ser confirmatoria del mismo.

b) En los casos de desestimación por silencio administrativo, la resolución expresa posterior al vencimiento del plazo se adoptará por la Administración sin vinculación alguna al sentido del silencio.

4. Los actos administrativos producidos por silencio administrativo se podrán hacer valer tanto ante la Administración como ante cualquier persona física o jurídica, pública o privada. Los mismos producen efectos desde el vencimiento del plazo máximo en el que debe dictarse y notificarse la resolución expresa sin que la misma se haya producido, y su existencia puede ser acreditada por cualquier medio de prueba admitido en Derecho, incluido el certificado acreditativo del silencio producido que pudiera solicitarse del órgano competente para resolver. Solicitado el certificado, éste deberá emitirse en el plazo máximo de quince días.”

IV.- Como se sinala nos antecedentes, debe considerarse existencia dun erro na tramitación administrativa, xa que, debido á constatación dun erro na certificación expedida por Secretaría Xeral -derivada dunha incorrecta anexión dos arquivos informáticos na aplicación informática de xestión de expedientes- deuse conta á Xunta de Goberno Local celebrada o 26/10/2012 dunha resolución errónea –no marco da cal se acordaba o outorgamento do incentivo económico á xubilación anticipada previsto no Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo- procedéndose en consecuencia por este Servizo de Recursos Humanos, unha vez constatado o erro, á comunicación dos mesmos a Secretaría Xeral, proponendo a rectificación dos mesmos en informe-proposta de data 10/12/2012.

Á vista das circunstancias, procedeuse pola Xunta de Goberno Local a rectificar os erros padecidos no seu propio acordo erróneo –dado que a competencia para a declaración da xubilación do persoal municipal a ten delegada no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 08.02.2013- e deixando sen efecto o acordo adoptado en data 26/11/2012.

No citado acordo, e dado que tamén se constatará que, debido ao erro padecido na certificación do acordo, os Servizos Económicos aboaran indebidamente un incentivo á xubilación anticipada, dispúxose o inicio dun expediente de reintegro das cantidades indebidamente aboadas, sen prexuízo da decisión que finalmente se adoptase ao respecto pola Comisión Paritaria de Seguimento e Interpretación do Acordo Regulador.

En consecuencia, e vista motivación xurídica exposta, entendemos que a reclamación debe ser desestimada, toda vez que non resultou posible a tramitación do incentivo proposto por ausencia de interpretación definida por parte do órgano competente ao efecto e por ausencia da preceptiva fiscalización previa do gasto proposto esixida legalmente polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) anteriormente citada.

V.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación formulada en escrito de data 19/08/2013 (documento nº 130096370) por D. Celso Peiteiros González, con DNI 35.999.872L, nos termos do informe do TEACV de data 27/08/2013, informe da Intervención Xeral Municipal de data 04/10/2012 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe-proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1221).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2013. EXPTE. 24497/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 9.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Setembro-2013 e que ascenden a un total 465,52 € (catrocentos sesenta e cinco euros con cincuenta e dous céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

15(1222).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2013. EXPTE. 24498/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 9.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de setembro de 2013, e que ascenden a un total de 1.113,84 € (mil cento trece euros con oitenta e catro céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

16(1223).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE 2013. EXPTE. 24508/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 10.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 3º TRIMESTRE-2013, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Angel Alonso González remata por don Ramón Vázquez Pazo, e que ascenden a un total de 2.686,33 € (dous mil seiscientos oitenta e seis con trinta e tres céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

17(1224).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XULLO-SETEMBRO 2013. EXPTE. 24538/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 21.10.13, conformado polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 5.328,40 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D. Santiago Alonso Ferragud-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
69831-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Setembro 2013	299,44 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Setembro 2013	84,74 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Setembro 2013	298,11 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Setembro 2013	286,33 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Setembro 2013	300,01 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Setembro 2013	178,98 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Setembro 2013	296,78 €
69834-250		Berros Pérez, Alfonso	32.873.182-H	78966	Setembro 2013	360,60 €
6319-320	Participación Cidadá	Francisco J. Gutiérrez Orúe	13.894.232-R	13920	Agosto-Setembro 2013	62,95 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Setembro 2013	320,15 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Setembro 2013	318,82 €
87068-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Setembro 2013	181,07 €
87069-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Setembro 2013	176,32 €
87070-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Setembro 2013	182,21 €
28158/28162, 28164/502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Setembro 2013	215,08 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Setembro 2013	100,89 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Setembro 2013	263,72 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Setembro 2013	262,96 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Setembro 2013	113,62 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Setembro 2013	99,18 €
		Rodríguez Torres, Javier	76.995.552-Q	82215	Setembro 2013	36,86 €
	Museo da Cidade "Quiñones de León"	Vázquez Díaz, José Manuel	36.044.945-N	22958	Setembro 2013	26,22 €
		Egea Torrón, Pilar	50.806.376-C	18543	Agosto 2013	28,50 €
87817-301	Benestar Social	Fajín Torres, Yolanda	33.297.554-V	79174	Xullo-Agosto 2013	23,75 €
	Educación	Codesido Rodríguez, J.Felipe	36.081.823-K	19399	Setembro 2013	120,84 €
		Silva Lorenzo, Alfonso	36.002.568-R	15668	Setembro 2013	58,33 €
	Limpeza	Sola Quiroga, José C.	36.036.109-P	15088	Setembro 2013	238,07 €
2075/2076/448	Parque Central	Alonso Ferragud, Santiago	35.973.972-V	16691	Xullo-Agosto 2013	393,87 €
TOTAL						5.328,40 €

Os gastos correspondentes aos servizos de Inspeccion de Tributos e Conserxeria deberan imputarse as Reservas de Credito Nº 12664 e 56360 respectivamente.

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.104,99 €
2410	Participación Cidadá	62,95 €
9220	Conserxería	638,97 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	539,60 €
9610	Inspección de Tributos	956,27 €
1640	Cemiterios	136,04 €
3330	Museo da Cidade "Quiñones de León"	54,72 €
2310	Benestar Social	23,75 €
3210	Educación	179,17 €
1620	Limpeza	238,07 €
1551	Parque Central	393,87 €
	TOTAL	5.328,40 €

18(1225).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 17/10/2013, DE DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. JOSÉ MARÍA BRAÑAS PÉREZ. EXPTE. 24327/220.

Dáse conta do Resolución do concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, do 10.10.13, na que acorda o seguinte:

Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. JOSÉ MARÍA BRAÑAS PÉREZ, con data de efectos 21/10/2013, con nº de persoal 13451, data de nacemento 21/09/1948, con praza e posto de Auxiliar de Servizos Internos (pto. 136), grupo C2 de titulación e grupo de tarifa 07, adscrito ao Servizo de Administración de Tributos, Negociado I.A.E.-E.U.I., (512), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(1226).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 18/10/2013, DE SOLICITUDE DE CONTINUIDADE NO SERVIZO ACTIVO FORMULADA POR D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA. EXPTE. 24440/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.10.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 12/08/2013 (documento nº 130095138) o traballador municipal D. Enrique Cuquejo Taboada, con nº de persoal 13.103, adscrito a un posto de analista no Laboratorio Municipal (subgrupo A1) solicita a continuidade no servizo activo unha vez cumpridos os 65 anos, indicando a data a tal efecto (30/10/2013).

2.- Recibido o dito escrito no Servizo de Recursos Humanos mediante xestión de expedientes o 12/09/2013; no mesmo día foi remitido á xefatura do referido servizo para a emisión de informe sobre a petición formulada.

3.- En data 23/09/2013, a Sra. Directora do Laboratorio Municipal emite informe que literalmente se transcribe:

“En relación a solicitude de data 12 de agosto de 2013, nº documento 130095138, na que D. Enrique Cuquejo Taboada, técnico superior de análise e medio ambiente adscrito ao Laboratorio Municipal, solicita prórroga no servizo activo ao chegar a súa xubilación compre sinalar, tal como indica o interesado no seu escrito, que durante os últimos 13 anos ao servizo do laboratorio, concretamente na área de química, ven realizando exclusivamente as análises de metais pola técnica de absorción atómica, circunstancia que fai que a outra técnico da área, a pesar de coñecer esta técnica analítica, non esté cualificada pola falta de experiencia práctica continuada no desenvolvemento destes ensaios analíticos.

Por outra banda, na actualidade a plantilla da área de química do Laboratorio Municipal, está constituída polo analista de laboratorio que solicita a prórroga, D. Enrique Cuquejo Taboada, a analista de laboratorio D^a Esther Cambeiro Fuentes, recentemente incorporada ao seu posto de traballo tras unha longa baixa por enfermidade e D^a M^a Carmen Galego Sánchez, auxiliar de laboratorio. A esta precaria situación chégase como consecuencia de que, ao longo deste ano 2013 causaron baixa, no laboratorio dous técnicos analistas, un deles por xubilación anticipada e outro tras rematar o seu contrato en prácticas de dous anos de duración. Baixas engadidas a outro recorte de persoal levado a cabo no ano 2012 cando os tres contratos en prácticas de auxiliares de laboratorio quedaron reducidos a dous, tendo que prescindir desde ese momento do auxiliar que prestaba os seus servizos no área de química.

A vista da situación exposta cada vez é máis difícil manter o número de controis analíticos e a súa periodicidade, polo que entendemos necesario valorar a opción máis rentable e viable, non só para a operatividade do laboratorio senón tamén para as arcas municipais, xa sexa a prórroga do técnico-analista de laboratorio D. Enrique Cuquejo Taboada ou a posibilidade de contratación de novo persoal que poida ofrecer unha maior versatilidade, sen ceñirse en exclusiva á unha técnica de ensaio.”

4.- En instrucción do servizo de data 16/10/2013, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, á vista do informe da Sra. Directora do Laboratorio Municipal, dispón que polo Servizo

de Recursos Humanos se proceda á emisión de informe-proposta en relación á solicitude formulada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) contempla unha nova configuración legal do emprego público, efectuada no marco normativo básico establecido polo lexislador estatal, que provoca a necesidade de determinar criterios coherentes de aplicación da mesma en relación con aspectos tan fundamentais como é o da prolongación da permanencia no servizo activo dos funcionarios públicos.

O artigo 67.3 da norma indicada establece que “a xubilación forzosa declarárase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. Non obstante, nos termos das leis de Función Pública que se dicten en desenvolvemento do presente Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo ata que se cumpran os setenta (70) anos de idade.

A Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada a aceptación ou a denegación da prolongación.”

II.- Tal precepto foi interpretado -para o ámbito da Administración Xeral do Estado e os seus organismos autónomos- mediante Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, pola que se publican as Instrucións do 5 de xuño do 2007, para a aplicación do EBEP, entendendo a vixencia transitoria do artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma de la Función Pública, o cal obviamente exceptiona da permanencia en activo e dende o 01/01/1998 ao personal da Policía Municipal e Extinción de Incendios, que deberá cesar ao cumprir os 65 anos de idade.

O Ministerio de Administracións Públicas, en coordinación coas a Secretarías de Estado de Cooperación Territorial, Xeral para a Administración Pública, e as Direccións Xerais da Función Pública e de Cooperación Local aprobaron os “CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL”, consignando con total claridade que as Administracións Locais, a través dos seus órganos competentes, están obrigadas a resolver motivadamente a aceptación ou denegación das solicitudes de prolongación no servizo activo.

En igual senso, e dentro das consultas que as diferentes Administracións Públicas territoriais, organismos autónomos e entidades de Dereito Público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes delas, o MAP desenvolve a obriga de motivación da resolución das solicitudes de permanencia no servizo activo consignadas no artigo 67 do EBEP en resposta de data 26/10/2007 (N/REF:agl, consúltese ao efecto a documentación dispoñible na web www.map.es).

Pode, en consecuencia, falarse dun dereito dos empregados/as públicos a solicitar formalmente a permanencia no servizo activo, así como dun dereito a obter da Administración Pública correspondente unha resposta motivada en relación ao outorgamento ou denegación da mesma; pero en ningún caso existe un dereito automático a obter a prorroga efectiva, como viña sendo práctica habitual en numerosas Administracións Públicas –incluída o Concello de Vigo-.

Adicionalmente -e sen prexuízo lóxicamente da planificación estratéxica que en materia de recursos humanos se implemente polo Goberno Municipal en este concreto aspecto- debe considerarse con especial atención o momento do ciclo económico recesivo que se está a vivir na actualidade, e que obriga cando menos ao xestor administrativo a abordar aspectos como o que nos ocupa dende unha óptica restrictiva, aos efectos de favorecer a contención do gasto público demandada dende o propio Ministerio de Economía e Facenda para os vindeiros exercicios eco-

nómicos, presididos pola austeridade, especialmente en materia de control dos gastos de persoal nas diferentes Administracións Públicas territoriais.

III.- O informe da Sra. Directora do Laboratorio sinala, con meridiana claridade, que se valore “a opción máis rentable e viable, non só para a operatividade do Laboratorio, senón tamén para as arcas municipais, xa sexa a prórroga do técnico-analista de Laboratorio D. Enrique Cuquejo Taboada ou a posibilidade de contratación de novo persoal que poida ofrecer unha maior versatilidade, sen ceñirse en exclusiva a unha técnica de ensaio”. Ao longo do informe tamén se sinala (parágrafo 1º) que o efectivo solicitante da prórroga “vén realizando exclusivamente as análises de metais”, do cal pode deducirse que, no contexto da situación do laboratorio Municipal manifestada pola responsable, as necesidades deberían concentrarse na dispoñibilidade de persoal que aporte polivalencia e versatilidade dentro do ámbito profesional técnicamente especializado do cal debe dispoñer o citado departamento. En ningún momento se sinala que a permanencia do Sr. Cuquejo Taboada resulte imprescindible para o adecuado funcionamento do Laboratorio Municipal -circunstancia éste que, de concorrer, sí motivaría, en calquera caso, unha eventual autorización de prórroga-. Por tales motivos, e dende a estricta óptica da xestión de recursos humanos, enténdese que resultaría viable dotar ao Laboratorio Municipal dun novo efectivo que acredite os coñecementos polivalentes demandados pola Dirección do servizo, toda vez que o acordo da Xunta de Goberno Local de 08/03/2012, aprobatorio das “Instrucións de aplicación das previsións contidas no Real decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, en materia de planificación e xestión de recursos humanos na Administración Municipal de Vigo”, contemplan ao Laboratorio Municipal como servizo esencial aos efectos de dotación de efectivos e/ou reforzamento do mesmo.

En consecuencia, non se observan motivos obxectivos que sustenten a autorización da prórroga no servizo activo solicitada, máis aló do interese particular do solicitante –que se comprende dende a óptica subxectiva e humana, pero que non pode nin debe condicionar a actuación administrativa pública- en permanecer na Administración Municipal de Vigo.

IV.-Vistos os antecedentes e documentación obrante no expediente, e considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal segundo Acordo da Xunta de Goberno Local do 08/02/2013, sométese ao criterio decisorio do citado órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Denegar a prolongación da permanencia en situación de servizo activo solicitada polo empregado municipal D. Enrique Cuquejo Taboada, con nº de persoal 13.103, en escrito de data 12/08/2013, fundamentado no informe da Sra. Directora do Laboratorio Municipal de data 23/09/2013 e na conseguinte ausencia de acreditación da necesidade obxectiva de dispoñibilidade dos servizos do citado traballador no Laboratorio Municipal, e de conformidade cos antecedentes e fundamentos da presente resolución.

SEGUNDO.- Dese traslado da presente resolución ao interesado, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Técnicos e Negociado de Seguridade Social), Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e aos xefes/as das Áreas e servizos afectados.”

Contra a presente resolución poderanse interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei

29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime mellor fundado en Dereito.

Na mesma data, o concelleiro delegado de Xestión Municipal resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(1227).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 24/10/2013, DE DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA. EXPTE. 24447/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Negociado de Réxime Interior, do 24.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, Dna. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA, con DNI 34.584.396-D, ten a condición de empregado municipal en réxime laboral, con nº de persoal 13103, data de nacemento 30/10/1948, con praza e posto de Analista de Laboratorio (pto. 57), grupo A1 de titulación e grupo de tarifa 01, adscrito ao Servizo de Laboratorio (313).

2.- En documento número 130095138, con entrada no Rexistro Xeral en data 12/08/2013, o mentado traballador solicitou a continuidade no servizo activo, expte. núm.: 24440-220 no que recaíu resolución denegatoria do Sr. Concelleiro-delegado de data 16/10/2013.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", así como o establecido no art. 49.1.j) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

II.- O real decreto lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social, non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "

III.- Asímesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA, con data de efectos de 30/10/2013, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro do 2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, propónse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal (en réxime laboral) D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA, con data de efectos 30/10/2013, con nº de persoal 13103, data de nacemento 30/10/1948, con praza e posto de Analista de Laboratorio (pto. 57), grupo A1 de titulación e grupo de tarifa 01, adscrito ao Servizo de Laboratorio (313), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación, e como consecuencia da resolución denegatoria da súa solicitude de continuidade no servizo activo (expte. Núm.: 24440-220).

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Con data 22.10.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal resolve de conformidade coa precedente proposta.

Dáse conta igualmente da Resolución do devandito concelleiro-delegado, de data 29.10.13, de rectificación de erros, que di o seguinte:

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do disposto no art. 105.2 la Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, a data do decreto do concelleiro-delegado de Xestión Municipal da declaración da xubilación obrigatoria do empregado municipal D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA, con data de efectos 30/10/2013, nos seguintes termos:

Data Decreto, onde dí: “Vigo, 22 de outubro de 2013”, debe dicir: “Vigo, 24 de outubro de 2013”.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da

notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da resolución de xubilación obrigatoria de D. Enrique Cuquejo Taboada e da rectificación de erros da mesma.

21(1228).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL Y EPORTIVA PABLO GALLEGO PECHECHE CONSTITUÍDA POLA CELEBRACIÓN DO XVI MEMORIAL PECHECHE. EXPTE. 87059/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 2.10.13, conformado polo concelleiro da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 11 de xullo de 2013 por parte da ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA PABLO GALLEGO PECHECHE con NIF G27740836, por un importe de 2.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración do XVI Memorial Pecheche, por celebrarse o evento e por tal motivo non producirse danos.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(1229).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE PAZO DE CONGRESOS DE VIGO S.A. CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6.09.13, DESESTIMATORIO DE SOLICITUDE DE RESTABLECEMENTO DO EQUILIBRIO ECONÓMICO-FINANCIERO NA CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do secretario xeral do Pleno, do 28.10.13, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de rexistro de entrada de 11.10.2013 "Pazo de Congresos de Vigo S.A." interpón recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 6.09.2013, notificado o 12.09.2013, no que se desestima a solicitude de restablecemento de equilibrio económico-financieiro na concesión de obra pública relativa á construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo.

No recurso a entidade concesionaria considera que o acordo resulta contrario a Dereito en virtude das seguintes alegacións:

PRIMEIRA: Irrazonabilidade no reproche á entidade concesionaria na súa pretensión de solicitar un novo restablecemento de reequilibrio económico doce meses despois de ter aboado o Concello de Vigo, coma consecuencia da aprobación do PEF 2010, a cantidade de 5.000.000 de €.

SEGUNDA: Interpretación dogmática e rigorista por parte do Concello de Vigo dos principios de risco e ventura e da cláusula rebus.

Considera o recorrente que os supostos que motivan o reequilibrio concesional previstos no artigo 248 do TRLCAP non son, como manifesta o Concello, numerus clausus e que a cláusula rebus (teoría da imprevisión) é innata e ten plena vixencia en calquera negocio xurídico sexa público ou privado, sempre e cando se dean os requisitos fixados na xurisprudencia, neste sentido entende: (i) que se ten producido unha alteración extraordinaria e imprevisible das circunstancias económicas existentes no momento da adxudicación do contrato como é a aparición da crise económica, feito notorio e "suceso traumático que ten transformado o mundo" que motiva a ausencia total de demanda dos espazos da zona complementaria; (ii) que tal alteración incide nas presuposicións incorporadas á causa do contrato (viabilidade da obra pública o existir unha demanda que así o permita). Aporta -Doc. Nº 1- informe pericial de CBRE denominado "Informe aclaratorio de valoración" no que se sinala que, a transformación do contexto económico desde o ano 2006 (data na que se elaborou o Estudo de Viabilidade) ata a actualidade ten ocasionado unha minoración do 62 % nos activos, entendendo estes como a capacidade de xerar ingresos procedentes do arrendamento dos distintos espazos. O recorrente conclúe manifestando que, o feito de que non se alcancen as condicións mínimas de demanda na infraestrutura supón a desaparición dunha presuposición común incorporada á causa do contrato que, o vir motivada por feito non imputable as partes, debe ter un efecto compartido.

TERCEIRA: Inconsistencia da aseveración municipal o inferir que o labor comercializador desenvolvido por "Pazo de Congresos de Vigo S.A." respecto dos arrendamentos dos espazos da zona complementaria é insuficiente.

O recorrente aporta: (i) informe de setembro de 2013 de "Pazo de Congresos de Vigo S.A." (elaboración propia) onde se recollen as operacións de comercialización desenvoltas en relación con cadanseu dos locais do Complexo Pazo de Congresos de Vigo, Doc. Nº 2; (ii) informe de "Foro Consultores Inmobiliarios", de data outubro de 2013, referido a situación do mercado de oficinas e locais en Vigo, Doc. Nº3. O informe manifesta que os potenciais arrendatarios dos espazos do Complexo consideraron os prezos ofertados pola propiedade excesivamente elevados dada a zona degradada e pouco atractiva na que se localiza o Pazo-Auditorio; (iii) informe pericial de "Heras Aguirre S.A.", de data de setembro de 2013, denominado "Actualización do informe sobre a viabilidade do uso comercial no Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo", Doc. Nº 4. O informe ten a seguinte conclusión final: "Nas circunstancias actuais e nas previsibles para os próximos anos, a zona comercial do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e inviable por carecer de demanda efectiva e pola falla de atractivo comercial actual do seu entorno inmediato".

A vista da documentación aportada o recorrente entende que existen moitos e robustos elementos de proba que acreditan a súa dilixencia no labor de comercialización. Cualifica de falaz o razoamento do Concello ao considerar este que a ausencia de arrendamentos é a proba de que non se ten desenvolto actividade comercializadora; sinala que o Concello non pode ignorar que o contexto económico e a situación do Complexo son feitos que, " ... dificultan enormemente (cando non o impiden de todo) a arrendamento dos locais".

CUARTA: Inacción e paralización do Concello de Vigo no desenvolvemento urbano do entorno do Auditorio-Pazo de Congressos.

Entende o recorrente que é responsabilidade do Concello de Vigo programar unha obra pública de importancia estratéxica para a cidade nun lugar completamente inadecuado e incongruente (páx. 31). Considera que o compromiso do Concello de Vigo na remodelación do fronte portuario e do entorno do Pazo-Auditorio consta no Plan Estratéxico de Vigo, denominado "Plan Vigo 2010", elaborado no ano 2003, previsión tamén contemplada no Avance do PXOM 2008; no Estudo de Viabilidade da obra pública e no mesmo PXOM 2008. O recorrente, páx. 25, di: "É difícil afirmar sen ruborizarse que non fora previsible unha actividade pública de rexeneración do entorno, coma parece indicar a Resolución" [o acordo recorrido]. Aporta, como Doc. Nº 5, informe de "Bureau Veritas Iberia S.L.U." de data 8.10.2013 denominado "Estado do entorno ao Complexo multifuncional Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo".

O escrito de recurso conclúe coa solicitude de que se anule e se deixe sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, de data 6.09.2013; se estime a pretensión inicial declarando a existencia dun desequilibrio económico-financeiro e se adopten as medidas de reequilibrio precisas para o seu restablecemento concretadas nas achegas monetarias periódicas que correspondan.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

INICIAL: O recurso non pode prosperar e debe desestimarse.

Os recursos -tamén os administrativos de reposición- deben ter unha argumentación dirixida a combater os razoamentos xurídicos nos que se fundamenta o acordo recorrido. Non é admisible propoñer o debate nos mesmos e exactos termos expostos na solicitude inicial coma se sobre eles non houbera recaído acordo pois iso desnaturaliza a función do recurso.

"Pazo de Congressos de Vigo S.A." nas súas alegacións se limita a reproducir os argumentos xa manifestados na solicitude de data 27.06.2013, a saber: existencia de riscos imprevisibles que se concretan en: (i) crises económica e (ii) inacción municipal no desenvolvemento urbanístico do entorno.

Non se aprecia, desde unha perspectiva xurídica, un exame crítico do acordo da Xunta de Goberno Local de data 6.09.2013 que demostre a aplicación errónea dunha norma, a indebida ou defectuosa apreciación dunha proba ou outras razóns que amporen revogación pretendida.

Sen prexuízo do exposto, respecto do fondo de recurso, se expoñen os seguintes Fundamentos:

PRIMEIRO: Irrazonabilidade no reproche á entidade concesionaria na súa pretensión de solicitar un novo restablecemento de reequilibrio económico doce meses despois de ter aboado o Concello de Vigo, coma consecuencia da aprobación do PEF 2010, a cantidade de 5.000.000 de €.

No Fundamento Inicial do acordo recorrido indícase o seguinte: "Non tendo transcorrido doce meses dende a data na que o Concello de Vigo recoñeceu un determinado desequilibrio econó-

mico-financeiro na concesión satisfacendo por iso unha subvención de capital de 5.000.000 de € e modificando o prazo concesional de 35 a 60 anos, "Pazo de Congressos de Vigo S.A.", invoca a existencia dun novo desequilibrio co fin de procurar, das sempre exiguas arcas municipais, fondos adicionais para viabilizar a rendibilidade do proxecto".

Ningún reproche realiza o Concello de Vigo á entidade concesionaria sobre a súa pretensión de solicitar un novo restablecemento de reequilibrio económico, se constata un feito, iso é todo.

SEGUNDO: Interpretación dogmática e rigorista por parte do Concello de Vigo dos principios de risco e ventura e da cláusula rebus.

I.- No Fundamento Primeiro do acordo recorrido indícase: "os supostos que poden dar lugar o reequilibrio económico contractual [senalados no art. 248 transcrito o inicio do Fundamento] (ius variandi, forza maior, factum principis e os establecidos no contrato -revisión pactada-) encóntranse determinados, mellor dito, "taxados", que é o término que emprega a exposición de Motivos da Lei 13/2003, constituíndo todos eles un numerus clausus, non atopándose entre os citados o "risco imprevisible" (teoría da imprevisión), concepto análogo á cláusula rebus sic stantibus ... invocada polo concesionario con citas doutrinais e xurisprudencia do Tribunal Supremo ... así mesmo tal concepto, o "risco imprevisible" (a pesares do que en sentido contrario manifesta "Pazo de Congressos de Vigo S.A.", páx. 35 in fine) non consta nin mencionado nin inferido no PCAP que rexe na concesión razón polo que tamén desde esta perspectiva a solicitude ten que ser desestimada ...

Fora dos supostos mencionados no art. 248 do TRLCAP entra en xogo o principio de "risco e ventura", (neste caso referido á inexistencia da demanda de uso) razón de ser do contrato segundo a Exposición de Motivos da Lei 13/2003, de 23 de maio, que introduciu no noso ordenamento xurídico, no TRLCAP, o contrato de concesión de obra pública, lembremos: "(...) Reviste importancia capital, para que a concesión da obra pública conserve súas sinais de identidade e poda ser recoñecida como tal, que o concesionario asuma o risco da súa ... explotación ... Debe destacarse ... que a asunción do risco en proporción substancial polo concesionario resulta determinante para que o contrato de concesión mereza tal cualificación (...)".

Queda claro. A "oculta" cláusula rebus sic stantibus (mentres as circunstancias permanezan) é de moi dubidosa aplicación nos contratos de concesión de obra pública, o seu recoñecemento quebra tanto o espírito (Exposición de Motivos) como a letra da Lei (248.2 TRLCAP) máxime cando o concesionario, sen estar o pactado (construción, xestión e explotación da obra pública o seu risco e ventura, arts. 98, 220 e 243 TRLCAP), pretende estender os seus efectos a unha excesiva onerosidade contractual.

Esta lóxica e non forzada reflexión non implica nin dogmatismo nin rigorismo, cualificacións que por se mesmas non conculcan o ordenamento xurídico.

II.- Ignora o concesionario que o contrato ten unha vixencia de 60 anos e que nese extenso período as circunstancias iniciais mudarán unha e outra vez, haberá períodos de crecemento económico e haberá mais crises.

Resulta excesivo considerar á crise económica coma "un suceso traumático que ten transformado o mundo".

É innegable que a crise ten producido na nosa nación desenlaces non desexables no emprego e nas economías, así mesmo na demanda, é dicir, no consumo de calquera tipo de bens e servizos, entre eles os arrendamentos de locais para calquera uso, tamén nos do Complexo. Sendo iso certo non é menos certo que no ano 2010, no núcleo dunha crise entón contrastada, o

Concello de Vigo aprobou o novo PEF da concesión (PEF 2010) elaborado na súa integridade por "Pazo de Congresos de Vigo S.A.". Enténdese que tal documento examinaba a realidade do momento e, en consecuencia, unha proxección da crise e das súas derivacións. Manifestar agora que os resultados da explotación do Complexo, en definitiva, da concesión, se descubren moi lonxe das previsións do PEF 2010 e que en virtude diso o Concello ten que realizar achegas monetarias para salvagardar o equilibrio concesional supón trasladar á Administración municipal os efectos da súa propia indiferenza e imprevisión o obxecto de garantir beneficios coma se dun seguro gratuíto que cubrira todos os riscos empresariais se tratara. A ausencia de rexeite do PEF 2010 non comporta a súa asunción pola Administración senón que o concesionario debe responder das súas continxencias, incluído o risco e ventura. A Administración o acepta para que se cumpran os obxectivos previstos pero non se fai responsable dos incorrectos cálculos de factores que se atopaban ao alcance do contratista, ver STS de 22.02.2006.

"Pazo de Congresos S.A.", en definitiva, as mercantís Testa Inmuebles S.A.; NCG Banco S.A. -Novagalicia Banco-; Puentes Concesiones S.L.; Sacyr S.A.U.; Expacontra S.A. e Puentes e Calzadas S.A. esquecendo a solvencia económica que acreditaron no proceso de licitación; esquecendo o amplo horizonte do ano 2067; esquecendo as obrigas que lles corresponden, facendo uso dunha visión monetarista do contrato, invocan e demandan, das sempre exiguas arcas municipais, o rescate económico coma exclusivo desenlace dos seus problemas, a teses non pode prosperar.

TERCEIRO: Inconsistencia da aseveración municipal o inferir que o labor comercializador desenvolvido por "Pazo de Congresos de Vigo S.A." respecto dos arrendamentos dos espazos da zona complementaria é insuficiente.

I.- No apartado (i) do Fundamento Sétimo do acordo recorrido, indícase:

"Como lle consta a "Pazo de Congresos de Vigo S.A." no Complexo ... existen 4.660,14 m² de superficie dedicada a oficinas e usos comerciais, excesiva para entender como suficiente que a súa xestión, a súa comercialización, se leve a cabo por terceiros que, ademais de non coñecer a realidade, as características e as necesidades da Cidade de Vigo e do Complexo, non se encontran implicados/motivados, de xeito directo, no proxecto empresarial, actitude que demostra un certo desinterese e que explica o fracaso da comercialización e o incomprendible resultado da mesma: 0,00 €.

O caso é que "Pazo de Congresos de Vigo S.A." nunca sabe se é unha sociedade á que corresponde a explotación dun Auditorio, ou un Auditorio o que lle corresponde impulsar unha sociedade. Compete a "Pazo de Congresos de Vigo S.A." realizar os esforzos necesarios para viabilizar economicamente a concesión, tales esforzos, tales traballos, non poden limitarse a solicitar do Excmo. Concello de Vigo unha nova achega de capital".

No apartado (iv) do Fundamento Sétimo do acordo recorrido, indícase:

"Non se entende a estratexia de "Pazo de Congresos de Vigo S.A.". Nos cinco últimos meses o concesionario, sen adecuarse á realidade económica existente, sen acomodarse o mercado, ten sido ineficaz no arrendamento dos espazos dispostos para restaurante que tamén foron obxecto de desafiuamento. "Pazo de Congresos de Vigo S.A." non pode reiterar a mesma ausencia de compromiso no que se refire ao hotel. As demandas dos interesados non sempre axustaranse o PEF, ó contrario, é "Pazo de Congresos de Vigo S.A." quen debe adaptar a súa oferta á demanda, ao comportamento dos consumidores. Na xestión integral do Complexo, as dotacións de hotel (catro estrelas e 121 habitacións) e restaurante (907,69 m²) son pedras angulares da "zona complementaria" e referencias obrigadas para a posta en valor e para a competitividade dos congresos, das conferencias, dos concertos e dos demais eventos a realizar, a ofertar, na denominada "zona pública".

Mal se pode reconducir a situación actual executando un lanzamento sen que exista unha alternativa contrastada, unha solución, para o instante despois que neste caso debe concretarse na existencia dun novo arrendatario, o factor tempo devén esencial. A ausencia de medidas, a ausencia de proxecto, a ausencia de estratexia por parte do concesionario agrava o escenario exposto por “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” no seu escrito de solicitude de reequilibrio pois tales déficits prexudican de xeito notable á calidade e imaxe dos servizos a desenvolver e a propoñer na obra pública, supoñendo iso unha renuncia abdicativa é tácita dos dereitos que lle corresponden, (explotación da obra pública) -tamén dos deberes- que non pode considerarse axustada o ordenamento xurídico cando tal renuncia -sen ter satisfeito a prestación convida- ten lugar no marco dun contrato bilateral que afecta a dereitos alleos os propios do renunciante, neste caso os dereitos do Excmo. Concello de Vigo (artigo 6.2 Código Civil)”.

As reflexións contidas nos parágrafos transcritos -agora con mais motivo dado o peche definitivo do hotel desde o día 1 de outubro- debe manterse nos seus xustos e exactos términos.

O mero feito de aportar informes periciais que tratan de xustificar a “inxente labor comercializador” resulta insuficiente para comprender, para explicar, que os ingresos procedentes da comercialización dos espazos da zona complementaria sexan igual a 0,00.- €. Calquera observador entende que tal sorprendente resultado ten un compoñente de desinterese, de ausencia de esforzo, de falta de compromiso, de ineficacia da que debe responder “Pazo de Congresos de Vigo S.A.”.

II.- “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” no escrito de recurso persiste na feble xustificación de que os as características do entorno do Complexo, cualificadas agora como “inadecuadas e incongruentes”, son as que imposibilitan unha comercialización axeitada, as que motivan que os ingresos sexan igual a 0.00.- €.

É coma se o Concello de Vigo tivera obrigado no seu día o concesionario a presentar a súa proposición no procedemento público de concorrencia.

Non foi así.

Non cabe dúbida que “Pazo de Congresos de Vigo S.A.”, no seu momento, considerou adecuada e congruente (axeitada) a situación do Complexo. Que a súa realidade económica de hoxe lle leve o convencemento de que tivo un erro nas seus cálculos, nas súas expectativas e nas súas previsións, non quere dicir que o Concello sexa culpable do desacerto.

Se dixo no acordo recorrido e agora se reitera “Non pode descoñecerse que a parcela do Pazo-Auditorio, identificada con precisión meridiana -no que as súas características urbanísticas se refire- na cláusula 2.3 do PCAP, foi e é unha superficie localizada na zona de servizo do Porto de Vigo que dende sempre se ten atopado circundada por outras destinadas a actividades estratéxicas propias dos tráxicos marítimo-portuarios, ben industriais, comerciais ou pesqueiras (naves frigoríficas e conserveiras: Pereira; Pescanova; Freiremar; Frigoríficos Berbés; Pescapuerta, ...), ben de usos terciarios (Escola Náutico-Pesquera; Instituto Social de la Marina), ben de construción naval (Estaleiro J. Barreras; Estaleiro Armón ...), ben náutico-deportivos (Real Clube Náutico de Vigo), ben de practicas e remolque (Remolcanosa), sinais de identidade de calquera porto de interese xeral, o de Vigo e o de seu ría tamén”.

“...a parcela na que se sitúa o Pazo se localizaba e se localiza nunha zona que, no momento de presentación da oferta, agora, e tamén no futuro, foi, é e será unha “zona de servizos portuarios”, un inevitable sistema xeral portuario, un espazo no que o desenvolvemento da actividade portuaria e industrial da cidade, en definitiva, o tráfico de vehículos pesados, de mercancías e outras accións conexas (queira ou non queira o concesionario) son actividades innatas e inescusables a tal “entorno”, é dicir, propicias e adecuadas a tal ambiente, un ambiente activo, de traballo e emprendemento, que a concesionaria ten que saber valorar e desenvolver para acadar os obxectivos previstos na contratación

(explotación da obra pública conforme a súa natureza e finalidade, cláusula 2 PCAP) pois os portos, a pesares do que entenda “Pazo de Congresos de Vigo S.A.”, non son paseos marítimos”.

CUARTO: Inacción e paralización do Concello de Vigo no desenvolvemento urbano do entorno do Auditorio-Pazo de Congresos.

Coma argumento novo e ante a carencia doutros de maior peso o recorrente menciona o Plan Estratéxico de Vigo, denominado “Plan Vigo 2010”, elaborado no ano 2003 pola “Fundación Pro-vigo”, unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio se atopa afectado á realización de fins de interese xeral propios da institución. A Fundación ten personalidade xurídica propia e distinta ao do Concello que nunca coñeceu nin aprobou en ningún dos seus órganos de goberno tal documento polo que nada pódese dicir respecto dun contido que non vincula.

En resposta a esta alegación, ante a reiteración do sinalado no escrito de solicitude, transcríbese –non pode ser doutra maneira- os Fundamentos Terceiro e Cuarto do acordo recorrido que din:

“Pazo de Congresos de Vigo S.A.” indica que o Estudo de Viabilidade aprobado en sede municipal e posto no seu día a disposición dos licitadores liga a sorte do Pazo-Auditorio o desenvolvemento urbanístico do “entorno” pois, “(...) este documento resalta a importancia da rexeneración urbanística da área para o bo fin do proxecto (...)”, páx.12.

Nada mais lonxe da realidade.

O Estudo de Viabilidade no apartado B.2.3. indica: “ (...) Un terceiro factor a ter en conta é que a construción do Pazo de Congresos na Avenida de Beiramar pode producir un importante efecto de rexeneración urbanística na zona actualmente ocupada por empresas industriais ... O impacto da actuación por tanto transcende ao ámbito específico formado polos soares con potencialidade de ser recuperados ... Por iso, ao igual que o ocorrido noutras cidades ..., o Pazo de Congresos podería converterse nun elemento tractor doutras actividades e de rexeneración dun importante espazo para a cidade ...(...)”.

Pola a súa parte o apartado B.3.3.6. sinala: “(...) Como se mencionaba ..., a operación da construción do Pazo suporá o inicio dun proceso de transformación de Beiramar, ... coa previsión de recualificación de todo o entorno e o traslado das industrias frigoríficas existentes ao ... Parque Tecnolóxico de Valadares e a xeración de novo solo residencial (...)”

A estratexia é que o desenvolvemento urbanístico do “entorno” no que se localiza o Auditorio teña o seu primeiro impulso -o seu “elemento tractor” segundo palabras do Estudo- na construción desta dotación. Non é o Complexo quen depende do impulso urbanístico do “entorno” (que é o que, ata a sociedade, reiteira a concesionaria), é o “entorno” quen se subordina á existencia da dotación.

Non é certo que o Estudo de Viabilidade resalte que,; “para o bo fin do proxecto sexa imprescindible a rexeneración urbanística da área” (páx.12); non é certo que,; “o Concello de Vigo tivera asumidos compromisos de acondicionamento no momento no que a concesión foi outorgada” (páx. 31); tampouco é certo que,; “ A día de hoxe, a necesaria rexeneración do contorno do Pazo de Congresos, que se prevé ... no Estudo de Viabilidade da concesión ... non se ten levado a cabo polo Concello de Vigo” (páx. 31).

O Estudo de Viabilidade nin resalta como imprescindible para a aptitude do Pazo-Auditorio a rexeneración urbanística, nin prevé a mesma coma necesaria, nin asumiu compromisos respecto do seu acondicionamento. Non se debe realizar unha lectura inxusta do literal do documento. O Estudo utiliza o verbo “poder” na súa acepción modal que denota “posibilidade” ou “probabilidade”, neste sentido o Estudo advirte unha e outra vez da posibilidade/probabilidade de que a construción do Auditorio coadxuve a rexenerar

a zona na que se localiza, o “entorno”. Iso é todo, iso é o que coñecían os licitadores, e iso é o que coñecía “Pazo de Congressos de Vigo S.A.”.

De conformidade co sinalado no artigo 227 do TRLCAP o Estudo de Viabilidade do expediente administrativo de contratación tivo un único obxectivo: realizar unha proposta xeral da idea de construír un Auditorio, para iso xustificou, entre outros aspectos, a súa conveniencia para a Cidade; a previsión da demanda do seu uso; o custo aproximado da inversión a realizar, así como o seu sistema de financiamento. Con tales fins propuxo unha solución que cumpría os obxectivos definidos na proposta inicial e estableceu a posibilidade do seu desenvolvemento, da súa execución e de seu éxito tanto en termos técnicos como en termos legais e económicos (recursos dispoñibles).

Se “Pazo de Congressos de Vigo S.A.” entende agora que a definición das características esenciais da obra ou as previsións de demanda e rendabilidade da concesión apuntadas no Estudo non eran correctas non debeu, no seu día, presentarse á licitación. En efecto, a existencia do Estudo de Viabilidade non exige aos licitadores interesados de realizar os seus propios cálculos, as súas propias previsións de demanda (máxime cando a inversión prevista é de elevada contía) tampouco significa que a Administración garanta a obtención de beneficios pois, seguindo a reflexión do TS na elocvente sentenza de data 30.12.1999, a obra pública se explora a risco (continxencia o proximidade dun dano) e ventura (palabra que explica que unha cousa se expón á continxencia de que suceda mal ou ben) do concesionario. En similar sentido as sentenzas de 14.05.2001 e 22.11.2001.

“Falar de incumprimento municipal resulta desproporcionado. O Concello de Vigo, coa aprobación do PXOM, observou a estratexia prevista no Estudo de Viabilidade, tamén ten executado, como se vai a expoñer, as previsións do PXOM.

En efecto, a pesares de que nesa lonxana data -ano 2004- o agora vixente PXOM non era mais que un documento de inicio, unha hipóteses, un mero Avance (art. 84 LOUGA), tal Avance tras múltiples de trámites, despois de complexos estudos e informes, tras a perseveranza dos funcionarios municipais, do equipo redactor e do goberno municipal, converteuse nun documento apto para a súa aprobación definitiva que foi acadada por ordes da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia de 16 de maio de 2008 e de 13 de xullo de 2009 (DOG de 03.06.2008 e DOG 24.07.2009). Pouco mais se pode facer, inclusive o TS na recente sentenza 3527/2013 de 21.06.2013 ten ratificado a adecuación á legalidade do documento no seu aspecto mais controvertido outorgando o mesmo ampla seguridade xurídica. Resulta inxusto e difícil comprender que á vista de tal esforzo redactor se impute ao Concello de Vigo paralización, inactividade ou desinterese na actividade urbanística.

O PXOM, consciente de que o Pazo-Auditorio era unha realidade próxima, coñecedor do impulso que a dotación pode supoñer para a zona e informado da necesidade da súa rexeneración cara a resolver os lóxicos e inevitables desaxustes que se producen nas fronteiras entre os portos e as cidades (aquí Vigo non é unha excepción), en definitiva, consciente do efecto renovador mencionado no Estudo, muda a cualificación “uso industrial” que constaba no anterior PXOM e cualifica o ámbito da APR A-4-04 (contiguo á zona sur do Complexo e comprendido entre rúas Jacinto Benavente e Marqués de Valterra) como “uso residencial”. A mesma cualificación obtén o ámbito da AOP 21, tamén localizado no sur e tamén con un anterior “uso industrial”.

Cuestión distinta, son outros ámbitos (os comprendidos entre a Avda. de Beiramar e a rúa Jacinto Benavente, ventos norte, leste e oeste do Auditorio) que tamén molestan e inquietan a “Pazo de Congressos de Vigo S.A.” pois se localizan no que identifica como “entorno”, e que ao atoparse no perímetro da Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios do Porto de Vigo figuran clasificados no PXOM como Sistema Xeral Portuario correspondendo a súa ordenación o Plan Especial do Porto, á Autoridade Portuaria de Vigo, á Administración do Estado (vid artigo 56 do Real Decreto Legislativo 2/2011, de 5 de setembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Marina Mercante, en adiante TRLPMM), razón bastante para entender que neses “ámbitos” non cabe reproche ao Concello de Vigo.

A pesares do exposto, o concesionario, no seu escrito, incide sempre na idea de que o fracaso económico-financieiro da concesión (a frustración da demanda de uso) se xustifica e se escusa na inactividade, na renuncia, na paralización urbanística municipal. Está claro, “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” concibe o desenvolvemento urbanístico do entorno como un “Bálsamo de Fierabrás”, que todo o sanda.

Ignora o concesionario que o ámbito da AOP 21, Cordelerías Mar, se atopa clasificado como solo urbano consolidado (SUC) polo que a súa materialización non require de planeamento de desenvolvemento algún senón da exclusiva vontade do propietario-titular da parcela que ao día de hoxe ten solicitado licenza (expdte. 71698/421) para a construción dun edificio residencial de 10 alturas e 160 vivendas, rochos, garaxes e locais comerciais. Na parcela resulta necesaria unha intervención arqueolóxica e o levantamento da cautela de tal intervención, intervención á que está obrigado o petionario da licenza. Tamén descoñece que na parcela lindante polo vento oeste, é dicir, no edificio sede do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico, a propiedade, a Xunta de Galicia, ten solicitado e obtido licenza de acondicionamento do inmovible (limpeza e pintado da fachada -85 metros lineais- expdte. 78893/421) atopándose a actuación en curso de execución.

Polo que se refire o ámbito da APR A-4-04, Beiramar, a concesionaria silencia, que a ficha de xestión prevé o seu desenvolvemento no segundo cuadrinio, en definitiva, a partires do 24 de xullo de 2013, data anterior a solicitude presentada, polo que as repetidos recriminacións de inactividade municipal, de paralización, de renuncia, aínda que se reiteren, carecen de fundamento.

Débase advertir que os “Plans de Etapas” dos instrumentos urbanísticos, sen prexuízo de entender que a súa eficacia intrínseca non obedece a un mero formulismo, non son documentos nin rixidos nin cronométricos, STS 30.06.1992, tampouco poden ser considerados como unha determinación de índole estritamente normativa, STS 25.06.2001, F.J. Cuarto, non obstante cumpre manifestar que a APR A-4-04, para posibilitar o traslado das actividades existentes (principalmente naves frigoríficas), se encontra ligada o sector S-44-I Matamá-Valadares (Cidade do Frío) a desenvolver mediante un Plan Parcial a redactar polo Consorcio da Zona Franca de Vigo segundo convenio asinado entre o Concello e o Consorcio e incluído no PXOM vixente. O CZFV, coa presentación do documento de inicio previsto no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (Lei 9/2006, de 18 de abril) ten iniciado os trámites necesarios para o desenvolvemento do Sector (expdte. 11538/411), así mesmo cumpre informar que o ente estatal, no seu proxecto de orzamentos para a anualidade 2014, ten consignada para actuacións no Sector a cantidade de 696.000.- €.

Polo que se refire o Plan Especial de Ordenación do Porto de Vigo e a previsión da construción dun “paso inferior” que transcorra baixo o sistema xeral viario da Ordenanza 9, Beiramar, nas inmediacións do edificio Casa Mar, reiterar que a execución/materialización das previsións contempladas en tal instrumento urbanístico corresponden á Autoridade Portuaria de Vigo, á Administración do Estado, non obstante os planos de ordenación do mesmo Plan Especial conciben á Avda. de Beiramar como un vial xeral e principal co trazado e características xeométricas axeitadas para garantir o acceso de vehículos as distintas zonas dos espazos portuarios. Non se debe esquecer que o Plan Especial do Porto, ao non esixilo a normativa aplicable (LOUGA e TRLPMM), carece de Plan de Etapas polo que o seu desenvolvemento ou estratexia de actuación ven derivada tanto ao Plan Estratéxico da Autoridade Portuaria, artigo 53 TRLPMM (con anterioridade artigo 37 Lei 48/2003, de 26 de novembro), como ao Plan de Empresa da Autoridade Portuaria, de elaboración anual, artigo 55 do mesmo texto legal (con anterioridade artigo 39 da Lei 48/2003), documento que en todo caso ten que prever a programación de inversións públicas axustándose á política económica do Goberno do Estado, polo que as previsións de inversións contempladas no Plan Especial (construción dun paso inferior) son iso, previsións, predicións que non poden considerarse compromisos firmes ou normativos, máxime cando tal “paso inferior” nin consta entre as actuacións autorizadas que, referidas ao sistema viario, se enumeran no artigo 14 .1 da Ordenanza invocada; nin consta no Estudo Económico-Financieiro do Plan; nin consta nos distintos Plans de Empresa. En definitiva, en ningún caso “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” puido entender que, no momento de presentar a súa proposición, a construción do “paso inferior” fora unha realidade indiscutible, tampouco agora pode entender

que tal ausencia de construcción responda a un feito imprevisible/extraordinario que altere, en consecuencia, as condicións do equilibrio económico da concesión”.

PROPOSTA DE ACORDO

Os fundamentos expostos conducen á desestimación do recurso por entender que o acordo impugnado é conforme a Dereito.

Notificar o presente acordo a “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” facendo constar que contra o mesmo, sen prexuízo doutros medios de defensa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa xurisdición da Cidade de Vigo no prazo dos dous meses seguintes a súa notificación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1230).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DOCE AXUDANTES DE OFICIOS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES. EXPTE. 24448/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.10.13, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de doce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación contidas no escrito de data 6 de setembro de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 126.306,00€, dos que 50.522,44€ corresponden ao presente exercicio económico, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. JOSÉ JUAN QUINTAS PEREZ, DNI 36.055.110-B, D^a. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, DNI 53.185.485-D, D. JOSÉ M^a. OTERO CORREA, DNI 33.810.572-C, D. ABRAHAM SANCHEZ FRANCO, DNI 53.183.875-D, D. BORJA CARIDE GONZÁLEZ, DNI 39.459.449-M, D^a. M^a. JESÚS FOUZ ARES, DNI 33.538.869-Q, D. TOMÁS ALONSO VIDAL, DNI 36.064.038-S, D. ALFREDO BAUTISTA CASTRO DUARTE, DNI 35.306.019-F, D. MIGUEL VÁZQUEZ AGULLA, DNI 36.105.440-V, D. ARMANDO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, DNI 76.896.061-T, D. RAFAEL MOLINA JIMÉNEZ, DNI 36.097.461-L e, D. MANUEL REBORDA MARTÍNEZ, DNI 36.152.836-X seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación (cód. 332)".

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

24(1231).- RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA “U.A. 14 PEDREIRA”. EXPTE. 5086/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 28.10.13, que di o seguinte:

O día 23.12.1995, o Pleno do Concello aprobou definitivamente o Estudo de Detalle da «U.A. 14 Pedreira», redactado por D. Jaime Riera Nieves, coa opción viaria sinalada no informe de tráfico e reflec-tida nos planos visados o 24.11.1995 -BOP nº. 27, do 07/02/1996- (exp. 3166/411).

O día 17.09.1998, o Consello da XMU acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación (DOG 102, do 29.05.1998) que se constituiu mediante escritura pública outorgada perante o Notario de Vigo, D^a. Palmira Delgado Martín, ao número 616 do seu protocolo e resultou inscrita no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras mediante Resolución do Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia do 27.03.2000.

O Proxecto de Expropiación por taxación conxunta dos propietarios non incorporados foi aprobado definitivamente o día 12.03.2002 polo Director Xeral de Urbanismo (exp. 120/413).

O día 20.09.2004, a Xunta de Goberno Local aprobou definitivamente o Proxecto de Compensación aprobado pola Xunta de Compensación en assemblea de 18.06.2004 e redactado polo arquitecto, D. Jaime Riera Nieves (exp.4529/401).

Con data 09.07.2007, a Xunta de Goberno Local aprobou definitivamente o Proxecto de Urbanización elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Alberto Moreno García, na súa última versión con memoria e planos visados polo Colexio Oficial correspondente (exp.4510/401).

O día 14.08.2007, D. José Luis Barros Rial presentou no Rexistro xeral da XMU (doc. 70092526) xustificante do aval de Caixanova do 14.08.2007, co número de operación 200700048304, constituído en garantía da execución das obras de urbanización.

Obran no expediente os seguintes informes:

- Do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 13.05.2013
- Do Xefe dos Servizos Enerxéticos de data 22.03.2013
- Do Xefe de Produción de Aqualia de datas 19.03.2013, 03.07.2013 e 07.10.2013
- Do Xefe do Servizo de Limpeza de data 11.03.2013
- Do Coordinador Creación Red P.E. Pontevedra – Ourense de Telefónica de España de data 08.03.2013
- Do Departamento Técnico de GasGalicia de data 08.03.2013
- De R Cable de data 12.03.2013
- Do Delegado de Pontevedra de Unión Fenosa Distribución de data 11.03.2013
- Da Enxeñeira Técnico de Obras Públicas conformado polo Xefe da OSPPIO de data 21.08.2013

Consta igualmente notificación asinada polo Director dos Servizos Técnicos en data 23.08.2013 advertindo de varias deficiencias a subsanar.

Con data 21.08.2013, a Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, en informe conformado polo Xefe da OSPPIO, achega os informes emitidos polas compañías subministradoras de servizos e oficinas municipais con competencias na materia para propoñer ao órgano competente a recepción parcial das obras de urbanización.

Ademais, sinala o Xefe dos Servizos Enerxéticos no seu informe de data 22.03.2013 que “Durante o período transcorrido ata a recepción definitiva das obras de referencia polo órgano competente, a propiedade deberá realizar pola súa conta o mantemento integral de toda a instalación de alumeado realizada nesta fase”. Engade no dito informe que: “(...) Así mesmo, para a recepción final, deberá realizarse a acometida eléctrica definitiva de alimentación ao centro de mando, a instalación de todos os elementos da rede de alumeado público que se indican no plano adxunto, realizar a posta en marcha da totalidade da instalación e entregar toda a documentación seguinte:

- Proxecto de legalización da instalación de alumeado público, asinado por un técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente para o centro de mando.
- Deberá incluír os planos finais da mesma, en formato dixital e en papel, coa ubicación exacta de puntos de luz, liñas eléctricas, arquetas e picas de terra.
- Certificado favorable da dirección de obra, asinado por un técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente.
- Certificado favorable do Organismo de Control Autorizado (OCA).
- Boletín da instalación, selada polo instalador autorizado e compulsado pola Delegación de Industria.
- Copia do contrato formalizado coa compañía subministradora.
- Pago de todas as taxas correspondentes.
- Fichas técnicas e documentación dos equipos instalados”.

O día 23.10.2013, o Director Adxunto dos Servizos Técnicos informa o seguinte:

“Con data 25/01/13 (N° Doc 130009442) la Dirección Facultativa de las obras de la Unidad de Actuación 14 PEDREIRA, solicita la recepción parcial de las obras de urbanización.

La ejecución de estas obras se ha desarrollado según el Proyecto de Urbanización de la U.A. 14 PEDREIRA (Exp – 4510/401) aprobado definitivamente por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 09/07/07 .

De conformidad con el Protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización de iniciativa privada en el Concello de Vigo (Exp – 62/403), en este expediente se incluye Informe de la Dirección Facultativa de fecha 21/01/13, reportaje fotográfico, Informe del Control de Calidad, Acta de Recepción de estas obras por la Junta de Compensación, y Planos definitivos de final de obra.

Dentro del Proyecto de Compensación (Exp – 4529/401), existe copia del Documento notarial de formalización de las cesiones obligatorias al Concello.

Existen informes favorables de las compañías suministradoras de servicios urbanísticos AQUALIA, UNIÓN-FENOSA, GAS NATURAL, R CABLE Y TELEFONICA.

Obran también en el expediente que se informa, informes favorables de los departamentos municipales habituales, Montes, Parques y Jardines, Electromecánicos, Limpieza y OSPPIO (dos de fecha 21/08/13 y otro de 17/10/13), en los cuales se pone de manifiesto la resolución de pequeñas alteraciones señaladas por AQUALIA y R CABLE.

Hay que señalar que las parcelas cuya conexión al alcantarillado municipal requirió de válvulas de retención, deberán ser advertidas explícitamente de esa circunstancia mediante el traslado del acuerdo que se adopte, que la Junta de Compensación se hará cargo del mantenimiento de la zona que se recibe hasta tanto no se constituya la Entidad de Conservación, y que puede solicitar la reducción al 5% sobre la parte del aval que responde de la urbanización cuya recepción se solicita.

Por lo tanto desde el punto de vista urbanístico no existe inconveniente en acceder a lo solicitado, dado que la zona constituye un área funcional independiente susceptible de su uso público”.

Puntualízase que deberá ser a Xunta de Compensación da «U.A. 14 Pedreira» a que constitúa, de ser o caso, o aval que corresponda en substitución do preexistente.

En informe complementario do 28.10.2013, o Director Adxunto dos Servizos Técnicos sinala que as parcelas en cuxa acometida ao saneamento existe unha válvula de retención (situada dentro de cada propiedade privada), son as denominadas 01-A, 02-A, 03-A, 04-A, 05-A e 06-A no proxecto de compensación.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Normativa examinada.

- R.D.Lex 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de solo.*
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- R.D.Lex. 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.*

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*
- *R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*
- *R.D.Lex. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*
- *R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas.*
- *R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP.*
- *RDUGal (D 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia)*
- *R.D.2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.*
- *R.D.3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CP-TOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).*
- *Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)*
- *Instrución 2/2012 relativa á revisión do Protocolo de Actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (A.D. Xunta de Goberno Local 27.04.2012; BOP nº. 104, do 31.05.2012).*

II. Recepción parcial das obras de urbanización.

De conformidade co artigo 110.5 da LOUGA, a recepción polo Concello das obras de urbanización na execución do planeamento se rexirá polo disposto na lexislación de contratos das Administracións públicas, que non contempla a necesidade de adoptar un acordo municipal expreso para recibir formalmente obras de urbanización como as de referencia, esixíndose unicamente a redacción dunha Acta asinada polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta na que se constata que as obras están en bo estado e que foron executadas con arreglo ás prescricións previstas (artigos 235 do TRLCSP e correlativos).

A posibilidade de recepcións parciais das obras urbanizadoras recoñécese, así mesmo, no artigo 235.5 do TRLCSP para aquelas partes de obras susceptibles de ser executadas por fases que podan ser entregadas ao uso público.

O informe do Director Adxunto dos Servizos Técnicos do día 23.10.2013 sinala, a este respecto, que dende o punto de vista urbanístico non existe inconvinte en acceder ao solicitado, dado que a zona constitúe unha área funcional independente susceptible do seu uso público.

Por outro lado, o punto terceiro, letra b) da Instrución 2/2012 relativa á revisión do Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (exp. 130/403) permite excepcionalmente a recepción parcial da obra urbanizadora no caso de actuacións en execución, extremo que debe ser informado polos técnicos municipais coa

debida dilixencia, dada a excepcionalidade deste tipo de recepcións, con estrita observancia do seguinte:

- Que as obras executadas deben ser susceptibles de ser entregadas ao uso público
- Que constitúan unha unidade funcional directamente utilizable e se teñan recibido pola entidade urbanística colaboradora. Deberá existir un nivel mínimo de reserva de solo e execución do equipamento, dos servizos urbanísticos mínimos.
- O acordo de recepción parcial non habilitará en ningún caso para a disolución da entidade urbanística colaboradora nin para a cancelación da obra ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custes derivados da urbanización.
- Tampouco será título para a devolución dos avais presentados nin implicará o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización. A conservación e preservación do bó funcionamento da urbanización que se vaia a recibir seguirá sendo responsabilidade da entidade urbanística colaboradora.
- Con ocasión da recepción total, comprobarase de novo o estado da parte recibida parcialmente. No caso de que se observen deficiencias na mesma derivadas da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas imputable directa ou indirectamente á entidade urbanística colaboradora, requirirase a realización das obras precisas e non se recibirá totalmente a urbanización ata a súa finalización.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recepción das obras de urbanización é marcadamente técnica e, no senso exposto, o Director Adxunto dos Servizos Técnicos expón a súa conformidade á recepción parcial mediante informe de data 23.10.2013. A verificación da conformidade das obras de urbanización co proxecto aprobado corresponde á OSPIO e aos Servizos Técnicos. Polo tanto, non procede formular proposta xurídica ningunha, sendo realizada a proposta polo propio Director dos Servizos Técnicos, dando cumprimento ao disposto no artigo 172 do RD 2568/1986, do 28 de novembro. Téñase en conta tamén o disposto no punto segundo letras e) e f) da nomeada Instrucción 2/2012.

III. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU.

De seguido o director dos Servizos técnicos, coa conformidade da xerente municipal de Urbanismo, formula a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO: Recibir parcialmente as obras de urbanización da «U.A. 14 Pedreira», segundo o Proxecto de Urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 09.07.2007 e elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, D. Alberto Moreno García, na última versión con memoria e planos visados polo Colexio Oficial correspondente, de conformidade co informe do Director Adxunto dos Servizos Técnicos do día 23.10.2013.

SEGUNDO: Comunicar á Xunta de Compensación que deberá facerse cargo do mantemento e conservación da obra urbanizadora ata a recepción definitiva das mesmas de acordo cos informes dos técnicos municipais que obran no expediente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á interesada e aos propietarios afectados, significándolles que o presente acordo pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo poden interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, ou alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo desta cidade, no prazo de dous me-

ses, contados ambos dende o día seguinte a súa notificación, sen prexuízo do exercicio das accións legais que procedan en defensa dos seus intereses.

CUARTO: Dar traslado do presente acordo aos Servizos Técnicos da XMU, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Con data 31.10.13, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

25(1232).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.